



Tratamento farmacolóxico para deixar de fumar  
**Como utilizar a vareniclina**



Plan de atención sanitaria ao tabaquismo en Galicia



**A VARENICLINA é un medicamento non nicotínico de grande axuda para deixar de fumar.** Non suprime totalmente as ganas de fumar, pero alivia a ansiedade e fai que esas ganas sexan menos intensas e, polo tanto, máis facilmente controlables. **PARA MÁIS INFORMACIÓN, CONSULTE CO SEU TERAPEUTA OU O PROSPECTO DO MEDICAMENTO**

## ¿COMO SE UTILIZA?

O tratamento durará 12 semanas. Siga as instrucións do seu médico e as recollidas no envase, isto facilitaralle seguir o tratamento.

Elixa unha data para deixar de fumar e comece o tratamento, polo menos, unha semana antes. Escribir a data no envase axudaralle a recordala. Durante a primeira semana:

- Os tres primeiros días, tome un comprimido de 0,5 mg.
- Durante os catro días seguintes, tome un comprimido de 0,5 mg dúas veces ao día (un pola mañá e outro pola tarde).

Dende a segunda semana ata o final do tratamento, tome un comprimido de 1 mg dúas veces ao día (un pola mañá e outro pola tarde). Os comprimidos deben tragarse enteiros con auga, con ou sen alimentos. Procure tomalos á mesma hora cada día. Se un día esquece tomalo, non pasa nada; aínda que é mellor que non ocorra. Tómeo en canto poida, pero, se case é a hora da seguinte dose, non o tome. Non tome nunca os dous comprimidos xuntos.

## CONTRAINDICACIÓNS

Alerxia ao tartrato de vareniclina.

Se vostede é alérxico a algún outro medicamento ou está a tomar tratamento por algunha enfermidade crónica, comuníquello ao seu médico, xa que pode ser necesario axustar a dose.

Non tome vareniclina se está embarazada ou aleitando.

## EFFECTOS SECUNDARIOS

Alguns dos síntomas relacionados coa abstinencia á nicotina, como dificultade para durmir, estrinximento ou dor de cabeza, son tamén síntomas adversos relacionados coa vareniclina. Os efectos non desexados máis habituais son náuseas e soños anómalos. Tamén pode producir mareos e somnolencia.

Servizo Galego  
de Saúde

Secretaría Xeral  
Servizo Galego de Saúde

Información divulgativa

Se experimenta efectos adversos que non pode tolerar ou ten síntomas de unha reacción alérxica, antes de deixar o tratamento consulte co seu médico. Este pode decidir reducir a dose de forma temporal ou permanente.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE